

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE SETEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 18 de setembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D. Alberto Escariz Couso
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D^a. María José Loureiro Bada (asiste ao punto 15a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2a, 2d, 3a, 4c, 4d e 4e)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 2c e 4b)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 2b, 4a e 11a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

A secretaria informa aos membros da Mesa que con data do 14 e 15 de setembro de 2017 as empresas TOPCON POSITIONING SPAIN, S.L.U. e LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L. presentaron sendos escritos nos que comunican a súa disconformidade co prego de prescricións técnicas particulares. Entrégase un exemplar de cada escrito aos membros da Mesa. Tras a súa lectura, a Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe do servizo xestor en relación con estes escritos.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:12	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA24F-C6D421-82DF87-VGE5ZW-2RJ4L1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.
2. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA
3. PLANTAS DE LEVANTE, S.L.
4. CALFENSA PROYECTOS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda admitir neste procedemento a COSTAS Y OTERO, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.
 2. NOVATILU, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

Non se trata porque a Mesa acordou solicitar un informe do servizo xestor previamente á apertura das proposicións.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:12	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA24F-C6D421-82DF87-VGE5ZW-2RJ4L1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	% Baixa proporcional única sobre prezos unitarios	Redución prazo entrega (nº días)
VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	0,77%	0
JESUS GUTIÉRREZ SIERRA	24%	8 días
PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	20,60%	9,55 días
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	14,75%	5 días

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

Licitador	Prezo	Incremento prazo de garantía
COSTAS Y OTERO, S.L.	63.823,81 euros	48 meses

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	% Baixa proporcional única sobre prezos unitarios	Incremento prazo garantía (meses/anos)
GALITEC DESARROLLOS TECNOLOGICOS, S.L.	19,99%	12 meses
NOVATILU, S.L.	28,42%	2 anos e 6 meses



Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación dun ascensor no edificio da Casa Consistorial do Concello de Vigo (3.994-440)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

Licitador	Prezo	Ampliación prazo de garantía e mantemento (nº meses)	Renovación interior (S/N)
SCHINDLER, S.A.	72.358,00	18 meses	si

Asiste á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.	1.118.740,70 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	985.887,50 €
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (ORESA, S.L.)	1.129.982,12 €
4	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	1.093.192,01 €
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U	1.070.271,18 €
6	ORECO, S.A.	1.105.893,35 €
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	1.125.310,36 €
8	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	840.950,00 €
9	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	1.067.855,64 €
10	COPCISA, S.A.	1.077.862,80 €
11	UTE DRAGADOS, S.A.- EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	1.064.139,49 €
12	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.075.672,90 €
13	CIVIS GLOBAL, S.L.	1.110.857,10 €
14	AVAN INTEGRAL, S.L.	1.132.755,97 €



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitador	Prezo
15	HIDROMIÑO, S.L.	1.160.494,56 €
16	C. D. INDEPO, S.L.	1.088.958,22 €
17	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	1.076.694,78 €
18	NAROM, S.L.	1.110.711,11 €
19	MISTURAS, S.A.	1.104.578,75 €
20	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	1.100.637,62 €
21	EXTRACO, S.A.	1.088.373,22 €
22	UTE PRACE, OBRAS Y SERVICIOS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (COPSESA)	1.081.804,59 €
23	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	1.108.083,25 €
24	HORDESCON, S.L.	1.064.431,48 €
25	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	1.164.728,32 €
26	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.077.862,80 €
27	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	1.111.587,07 €

Asisten á apertura D^a. Lúa Nóvoa Canal, con DNI 44.485.152-R, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción; D. Nicolás Fernández Domínguez, con DNI 44.499.959-L, en representación de COPCISA, S.A.; D. Jorge Do Camiño Covelo, con DNI 44.305.634-K, en representación de ORECO, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:12	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA24F-C6D421-82DF87-VGE5ZW-2RJ4L1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do persoal para o seu uso (948-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de xullo de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U.	100,00
2	BIOMED, S.A.	48,43
3	ANEK 53, S.L. PROYECTO SALVAVIDAS	25,47
4	CARYOSA HIGIENIC SOLUTIONS, S.L.	15,61

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACION DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o día 4 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 14 de agosto, dentro do prazo concedido.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada e comprobou que era correcta. Fíxose constar que a empresa non constituíu a garantía definitiva esixida, senón que solicitou a súa retención no prezo do contrato (na primeira factura) ao abeiro do previsto no artigo 96.2 do TRLCSP.

Terceiro.- Con data do 7 de setembro de 2017 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:12	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA24F-C6D421-82DF87-VGE5ZW-2RJ4L1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS. S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), que por erro non se incluíu no acordo do 21 de xullo de 2017:

- *Resgardo da garantía complementaria do 2,50% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto na cláusula 21 e apartado 11B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares” co obxecto de completar a documentación presentada o 14 de agosto de 2017”.*

Este acordo notificouse a ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U. o 12 de setembro de 2017. A garantía esixida foi constituída mediante transferencia bancaria o mesmo día. Consta certificado expedido polo tesoureiro municipal o 14 de setembro.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 18 de setembro de 2017 comprobou que a garantía complementaria requirida foi correctamente depositada, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 11 de xullo de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:12	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA24F-C6D421-82DF87-VGE5ZW-2RJ4L1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a ESFOREM FORMACIÓN DE EMERGENCIAS, S.L.U., o procedemento aberto para a contratación do subministro e mantemento de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da concellería de deportes do Concello de Vigo, así como a formación e acreditación do persoal para o seu uso (948-611) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 26.822,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.655,14 euros.*
 - b) *Propón unha ampliación do prazo de garantía de 72 meses (total 96 meses).*
2. *Iniciar os trámites pertinentes para devolver á citada empresa o importe abonado a maiores en concepto de gastos de publicidade (343,24 euros).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

15.- Incidencias

a) Falta de informe da documentación presentada polo licitador EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L. no prazo concedido para a xustificación das ofertas que conteñen baixas con valores anormais ou desproporcionados no procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudio sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con posterioridade ao acordo de clasificación das ofertas adoptado pola Xunta de Goberno local do 7 de setembro de 2017, se tivo constancia da presentación de documentación para a xustificación de baixas desproporcionadas pola empresa EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno local na sesión do 13 de setembro, acordou deixar sen efecto o acordo do 7 de setembro de 2017, de exclusión de licitadores e de clasificación de licitadores en orde descendente e a retroacción do expediente ao momento de valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:12	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA24F-C6D421-82DF87-VGE5ZW-2RJ4L1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(sinatura dixital)

